

XIII MARATÓN BENÉFICO DE FUTBOL-SALA

CARMELITAS-VEDRUNA

OURENSE 1 e 2 / XII / 2017

Ao igual que en anos anteriores, o Departamento de Pastoral, en colaboración co Departamento de Educación Física, organiza o **XIII MARATÓN BENÉFICO DE FÚTBOL-SALA** que se desenvolverá os vindeiros **venres, 1 pola tarde e sábado, 2 de decembro pola mañá**, no polideportivo Vedruna e co obxectivo de que o recadado vaia dirixido á Campaña de Nadal, polo que, tanto os xogadores como os espectadores que asistan ao maratón, aportarán unha cantidade pola súa participación.

Unha vez coñecido o número de equipos elaborárase o calendario de partidos cos horarios correspondentes.

I- REGULAMENTO:

1.- Poderán participar todos os alumnos/as desde 1º de ESO ata 2º de Bacharelato.

2.- Establécense catro categorías:

categoría A: alumnos de 1º e 2º de ESO.

categoría B: alumnas de 1º e 2º de ESO.

categoría C: alumnos de 3º ESO ata 2º de Bacharelato.

categoría D: alumnas de 3º ESO ata 2º de Bacharelato.

3.- Os partidos terán unha única parte de 12 minutos a tempo corrido.

4.- Os equipos estarán formados por un mínimo de 5 e un máximo de 10 xogadores. Se o número o permite, poderían facerse varios equipos dunha mesma clase.

5.- Se fose o caso, poderíase facer equipos con xente de varias clases.

6.- Ningún xogador pode xogar con outro equipo que non sexa o propio, incluído se o seu equipo quedase eliminado. **O incumprimento desta norma significará a descualificación do equipo que inclúa a un xogador nestas circunstancias.**

7.- Cada equipo debe ter unha ou dúas persoas dispostas a arbitrar os partidos que se lle asignen.

8.- O sistema de competición decidírase en función do número de equipos e da dispoñibilidade de cancha.

9.- O equipo campión na **categoría C** (alumnos de 3º,4º de ESO e Bacharelato) xogará, ao final da xornada, contra un equipo formado por pais de alumnos.

10.- O equipo campión na **categoría D** (alumnas de 3º,4º de ESO e Bacharelato) xogará, ao final da xornada, contra un equipo formado por nais de alumnos.

II- INSCRICIÓN:

1.- Para participar cada equipo deberá descargar da páxina web e cubrir a folla de inscrición na que debe indicarse o nome do equipo, os compoñentes do equipo e o encargado de dito equipo, e entregala a Rafa Valentín. **O PRAZO DE INSCRICIÓN REMATA O VINDEIRO MÉRCORES, 29 DE NOVEMBRO ÁS 14:15 HS.**

2.- Cada participante colaborará coa Campaña de Nadal con **2 €**, que deberán facer efectivo **no momento de entregar a inscrición do equipo.**